



# **UN VELLO DOS QUE NON SE DEBEN DE NAMORAR**

IX CONCURSO DE CUENTOS REPSOL, S. A.

PRIMER PREMIO EN LENGUA GALLEGA

Autor: **Pablo González Silva**

ANO 1996



Estou farto, realmente farto, de que as personaxes dos contos que escribo vaian ataviadas cunha gabardina de cor gris, así que desta vez vou prescindir dese detalle, aínda que esta historia que vou contar non é inventada, senón real, e o home sobre a que se centra levaba posta a fatídica prenda.

Era un día calquera de novembro e chovía a xerras, a cachón e a Deus dar, todo xunto (a chuvia ten un aquel que fai que as mellores cousas, as máis tristes e tamén as máis fermosas, acontezan cando ela está presente). Cando saíra da casa non reparara en que aínda levaba os tenis postos, así que pillei unha molla-dura impresionante mentres corría cara á estación do tren.

Coido que vai ser mellor que os sitúe no espacio para que non perdan o marco desta historia. Eu vivo nunha vila con pretensións de ser grande, cosmopolita, cultural e economicamente interesante pero sen perder ese aire chusquiño das vilas dos anuncios da tele. Por desgracia, ou polo carácter da xente, está a medio camiño de tódalas súas pretensións. A miña vila está a carón do mar, na ría de Arousa, e pertenceu, polo que se deduce do seu nome, a un tal García. Élles un sitio moi agradable no verán, polo suave do tempo e as paisaxes que aínda conservamos, pero polo outono e inverno é exactamente igual que o resto das vilas litorais de Galicia: gris, agobiante, fría e con frías pingas de auga que caen dos balcóns ó pescozo da xente. Posúe ademais, dentro do seu repertorio de atractivos invernais, unha serie de rúas dispostas a asolagarse ou

a formar extensas pozas que impiden o paso ós mollados peatóns, os cales teñen que poñer coidado en que os coches non os salpiquen.

Pois ía eu pingando e correndo por esta sorte de *aquapark* urbano para recolle-la miña moza que viña en tren desde Coruña (si, xa sei que suprimín o artigo), cando me dei conta de que os meus pés estaban calzados cos meus tenis. A miña misión imposible era chegar á estación conseguindo que alomenos os meus calzóns chegasen secos, pero iso foi imposible. O caso é que cheguei á estación pingando e cunha gripe olímpica, e o tren vai e chega tarde. Pero a historia que lles quería contar non ten que ver coa miña moza nin comigo, é a historia dun home que tamén esperaba á súa moza que, casualmente, tamén viña da Coruña no tren.

Ó chegar, atravesei ó interior do edificio e saín baixo os soportais con arcos de medio punto, sentei nun banco azul e púxenme a esperar. Había moita xente alí, así que fixei a vista na plataforma segunda para non perturbar nen ser perturbado pola mirada de ninguén. Non pasaran trinta segundos cando sentou ó meu carón aquel home. Tiña uns setenta anos, así que, máis que un home, era un vello. Era grande, tiña o pelo branco e escaso; víaselle nas mans que era un home que traballara con elas, e que ademais estaba moi nervioso. Levaba unha gabardina gris pero vostedes (pola razón anteriormente exposta) van imaxinalo vestido da seguinte maneira que, para o caso, cáelle mellor: tiña uns pantalóns azuis moi escuros e máis un xerseí granate cubrindo unha camisa branca; tiña, sobre as per-

nas, todo enrugado e mollado, un anorak verde moi feo e con carapucha. Estábao mirando sen querer cando el se decatou.

—¿Que, vas pra Vigo, rapaz?

—Non.

—¿Eló, agardas á chavala?

Moito me amola que lle chamen chavala á moza de un, pero naquel intre non me pareceu alá moi mal, así que decidín segui-la conversa daquel vello que falaba con geadas.

—Agardo, que vén da Coruña.

—E logo, ¿está na universidá?

—Si, estudia informática.

—Aaa... moi ben.

A cousa pareceu que rematara; ó mellor impresio-neino co conto da informática, pensei, así que decidín tentar recupera-la conversa falando da merda de tempo que estaba a facer.

—Vaia merda de día ¿eh?

E cando esperaba unha relación pormenorizada de tódalas dores que sufría o vello cando chovía, sorprendeme dicindo:

—Ha escampar, cando chegue ela, ha escampar.

—¿Quen, súa muller? —Sorrisos.

—Miña muller morreu; a que vén é meu amor.

Quedei parvo. Eu oíra falar do sexo na terceira idade, pero a idea do amor na vellez aínda se me esca-

paba. Saín ó paso antes de que se dese conta da miña sorpresa, cun comentario medio retranqueiro.

—E logo, ¿colleu moza?

—Bué, moza non é, tí xa verás.

Seguímos a falar cinco minutos máis, eu intentando saber cousas daquel home, e aquel home, como bo galego, respondendo con preguntas sobre a miña vida. Cando pasou ese tempo, amenizado pola megafonía con cancións irrecoñecibles e antiquísimas, a mesma megafonía interrompeunos anunciando a chegada inminente do tren. Ó mesmo tempo escampou, e aquel vello púxose nervioso de verdade. Tentei imaxinar cal sería a muller que facía tremer ó vello coma se fose un rapaz, dez segundos antes de pedirlle para saír a unha moza.

O tren ía tardar en chegar uns dous minutos así que eu decidín seguir sentado, pero o meu contertulio estimou máis conveniente saír dos soportais agora que non chovía. Dediqueime a observalo. A humidade e tódolos seus anos deixáranlle un camiñar de pasiños curtos que non lle sentaban nada ben ó seu corpo grande e teso. O seu anorak sufría os efectos dunha das súas mans, que non paraba de espreme-lo como se tratara de sacarlle algunha clase de zume de poliéster.

A primeira impresión que tivera del, dun viúvo de familia pobre, que tivera que substituír na súa nenez a escola por un ridículo salario de carpinteiro ou albanel, e que agora atopara alguén para non asistir ó derrube do seu corpo en soidade, esvaeceuse para dar lugar á

dun home que tivera que sufrir moito e que agochaba a súa sensibilidade no mundo machista da súa xuventude cunha linguaxe estereotipada de paisano corrente.

Imaxinei a súa figura ante o corpo da súa muller, morta nunha cama de matrimonio, pedíndolle por favor que non morrese, dicíndolle cousas o máis bonitas que podía para convencer ó cadáver da compañeira que percorrera con el todo o camiño, que volvese á vida. Con bágoas de vello nos ollos, cunha camiseta de asas, falándolle de amor a unha morta á que non lle soubera dicir «quérote» mentres vivía. Imaxinei a vella casa sen pintar desde facía demasiados anos, porque eles xa eran vellos e pobres dabondo para non poder pintala, e os fillos esquecéranse de que tiñan pais; case vin o Cristo crucificado enriba da cama, un Cristo moi barroco «made in Taiwan», non foi moi laborioso velas menciñas e o vaso da auga (auténtico cristal de «Nocilla») enriba da mesa de noite; seguro que vostedes xa están a ve-la lámpada pendurada do teito, nun tempo cromada e agora coa súa ornamenta opaca e oxidada, con tres bombillas de cinco, para aforrar cartos. E agora o vello atopara alguén na súa vida que facía que o seu sangue correra ignorando o colesterol, por unhas arterias tesas coma tubos de chumbo; que facía que o seu arrítmico corazón petara un pouquiño máis forte no seu grande peito, que o facía esquece-lo seu corpo de carne frouxa, desgastado, para imaxinar-se a si mesmo coma alguén atractivo que lle gustaba a unha moza xa vella e igual de gastada pero tan atractiva coma cando era nova.

Erguínme e camiñei cara á vía medio esquivando ó vello, e o tren deu a curva, xurdindo máis lentamente do que soía facelo, encabezado por unha especie de monstro verde e ruidoso, facendo que as vías se axitasen no seu leito máis forte do que eu imaxinaba que poderían facelo sen sairse das inmensas anclaxes que as suxeitaban. Aquilo non era unha locomotora calquera, era moito máis grande que unha das convencionais e desde logo moito máis pesada, ruidosa e vella. Daquela recordei algo que lera no xornal, algo relacionado cunha antiga locomotora (a máis antiga de España aínda en uso, que polo visto comezou o seu servicio na miña comarca, a primeira comarca galega en dispoñer de tren) unha locomotora que nos ía visitar nunhas das etapas que a levaban a percorrer toda a península conmemorando o nonseicantos aniversario de nonseiqué. Iso desde logo explicaba o retraso de máis de vinte minutos.

Aquel inxente monstro verde de avance lento, pesado e perigoso, facía treme-lo chan, e os esforzos dos rinchantes freos semellaban non ter outro efecto que desgasta-lo aceiro en faíscas alaranxadas. Sen embargo, a súa monumental enxeñería de hai trinta anos, decidiu deterse deixando o aire fedendo a ese cheiro que teñen os trens que xa levan moitos quilómetros enriba, un olor a metal quente que se crava no nariz e que rasca as fosas nasais. Na parte superior tiña unha mestura entre un tubo de escape e cheminea de tren de vapor que expulsaba un fume pardo de moi mala pinta. As reixas que había nos seus costados e

que deberían servir para libera-la calor do seu motor, estaban costrosas de graxa recuberta co po das vías.

A miña moza seguramente xa saíra do último vagón, que é no que vén sempre, pero eu non podía aparta-la vista daquel xigante que non paraba coma de coller aire traballosamente. Un case esperaba que as súas paredes comezasen a medrar e minguar coma se estivesen impulsadas por un pulmón infinito de cables, pistóns e válvulas engraxadas e xa cansas; naquel intre a vella locomotora semellaba un touro de lidia cos cornos baixos cara embesti-lo matador xa disposto na sorte de matar... naquel intre, baixo o ceo de novembro ameazando chuvia, creo que experimentei o mesmo sentimento que tería de ver un *ovni* no medio da noite, porque foi naquel momento cando me fixei na liña amarela que percorría a locomotora dun lado ó outro, e onde, no seu extremo máis alonxado, baixo a fiestra da porta do maquinista, estaba escrito, en letras vermellas, o seu nome, o nome da máquina, da enxeñería, da vida daquel vello, da súa moza, alí poñía en letras moi discretas «meu amor». Así, sen máis, coma se fose a gamela dun pescador da ría, pero moito máis grande e con moito máis sentimento. Porque as letras eran cativas, porque cando se fala de amor non se berra, fálase ó oído, en voz ben baixiña. Así estaba escrito o nome da moza, da vella, en voz pequena e baixa.

Atopeime mirando a aquel vello que se aproximaba moi lentamente, casi con reverencia e coma se lle pedise autorización á máquina; deixara o seu anorak pendurado da man esquerda mentres camiñaba cara á

liña branca que marca o límite de seguridade. Pisou esa liña, quedando os seus pés lixeiramente inclinados cara abaixo, pois así están feitos os bordos das plataformas, e ergueu a súa man, e levouna cara adiante, cara ó quente peito da locomotora. Sorriulle, e ela semellou sorrir... eu tamén sorrín. O vello seguiu coa man alí mentres apoiaba o queixo no seu peito. Seguro que estaba a recordar, seguro que estaba a falarlle porque riu un pouco, coma se rise un tenro comentario de afecto da súa moza. Logo avanzou ata chegar baixo a cabina do maquinista e berrou:

—¡Manuel! ¡Manuel!

Abriuse o cristal e xurdiu, igual que nun parto trabaloso, a cabeza de Manuel.

—¡Ei, Hilario! ¿Como vai?

—Eu ben, ¿como vai ela?

—Vai indo, un pouco cansa pero vai indo, xa é vella e bótate de menos, cabrón.

O vello puxo cara de dor.

—Non xogues con iso, Manuel, non xogues.

E deu media volta para irse, mentre o maquinista volvía a meterse no sexo que o parira e pechouno. Naquel intre non o entendín, ¿por que o vello íase así sen se despedir do seu amor? Pero unhas horas máis tarde decateime da razón daquela forma de actuar. Non debe resultar fácil asumi-la visión da túa moza que se vai do teu carón con outro home dentro da cabeza. Don Hilario xa vira o seu ex-amor que agora era de outro,

era de Manuel, non quería velos, ademais, camiñando da man nin bicándose. Calquera de nós mataría ó usurpador. Hilario tivera que acepta-la súa substitución por outro, por un capricho da idade, por unha xubilación. É demasiado cruel xubila-lo amor, ¿non si?

Alguén me bicou detrás da orella, volvinme e vin á miña moza, sorrinlle e biqueina, pero pregunteime canto tempo podería eu levarlle a miña man ó seu peito para saber se o seu corazón aínda latexa, mesmo de saber que non ía ser por min, como facía Hilario, sabendo que a súa moza xa non o quería, que agora era de outro.

Daquel día quedoume o recordo dun vello namorado. Unha vez un tal doutor Castelao dixo que os vellos non debían de namorarse; prefiro non cuestionarme se tiña razón ou non.